

Circular 18/2002 pola que se dictan instrucións da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional para unifica-las actuacións e establece-las accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional do ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2002-2003.

De acordo co disposto no artigo 12º da Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional regulada polo Decreto 120/1998, e ó abeiro da disposición derradeira primeira da citada Orde, esta Dirección Xeral dicta as seguintes instrucións co fin de establece-las accións prioritarias e unifica-los criterios para o desenvolvemento das actuacións dos servizos de orientación no ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2002-2003.

1.- Adscrición de centros ós departamentos de orientación.

De non recibir notificación expresa da Administración educativa na que se indique algunha modificación ó respecto, a adscrición de centros educativos ós departamentos de orientación no curso 2002-2003 será a vixente no pasado curso escolar 2001-2002.

2.- Criterios para unifica-las actuacións dos servizos de orientación.

2.1.- Departamentos de orientación.

Os departamentos de orientación dos centros educativos abranguerán no seu plan de actuación ó propio centro e ós adscritos pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. En consecuencia, a declaración do horario semanal do xefe do departamento de orientación deberá especifica-la temporalización e as actividades a desenvolver no propio centro e nos adscritos ó departamento de orientación. O xefe do departamento entregará unha copia do citado plan ós xefes do departamento ou responsables da orientación dos centros adscritos.

Coa finalidade de garanti-lo principio de continuidade da orientación durante o período de escolarización do alumnado, o departamento de orientación planificará accións que permitan desenvolve-la actividade orientadora en tódolos ciclos e niveis educativos que se impartan no centro e nos adscritos, procurando a indispensable coordinación entre as ensinanzas de educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria e postobrigatoria.

Os equipos directivos promoverán que, con carácter preferente, entre os membros do departamento de orientación se inclúa profesorado con vinculación ás tarefas de titoría e de atención directa ó alumnado que reciba medidas específicas de atención á diversidade.

Para a planificación das preceptivas reunións dos compoñentes do departamento de orientación con destino no propio centro, así como das reunións nas que participen os membros dos centros adscritos, atenderase ó disposto na lexislación vixente. Así mesmo, a xefatura de estudos promoverá e facilitará a celebración de reunións periódicas do xefe do departamento de orientación cos titores, por ciclos e/ou etapas, ás que tamén poderán asistir outros profesores do centro.

Os departamentos de orientación dos centros de educación secundaria que impartan ensinanzas de formación profesional específica ou programas de garantía social deberán planifica-lo desenvolvemento efectivo da orientación e da tutoría ó longo de todo o proceso formativo do alumnado, incluído o período de formación en centros de traballo, no que se deberá acentua-la relación entre os titores do centro e os titores das empresas que acollen a este alumnado na súa fase de prácticas formativas. A comisión de coordinación pedagóxica establecerá as directrices que posibiliten un traballo colaborativo entre o departamento de formación e orientación laboral e o departamento de orientación, co fin de conseguir actuacións coordinadas en materia de información e orientación profesional.

Os departamentos de orientación dos centros nos que se impartan ensinanzas de educación de persoas adultas ou que teñan adscritos centros de educación permanente de adultos contemplarán no seu plan anual obxectivos e actividades especificamente deseñados para estes destinatarios, tratando de potencia-la súa formación ó longo da vida e ofrecérlle-la orientación educativa e profesional que precisan.

A dirección dos centros de educación secundaria garantirá que durante o período de inscrición e matriculación do alumnado se poidan atender-las demandas de información académico-profesional que se produzan.

2.2.- Equipos de orientación específicos.

Os equipos de orientación específicos, como complemento especializado e apoio ós departamentos de orientación dos centros educativos da provincia, están coordinados por un inspector de educación e dependen do correspondente delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O inspector coordinador será o encargado de analizar e aproba-lo plan anual do equipo. Así mesmo, arbitrará as medidas necesarias para que os departamentos de orientación da provincia coñezan as liñas básicas de actuación previstas no citado plan anual, así como o horario de permanencia na sede e de atención ás demandas propias das distintas especialidades ou de carácter xeral. Será ademais responsabilidade do inspector coordinador o seguimento do plan de actuación anual do equipo, establecendo as medidas de asesoramento e avaliación que procedan e garantindo que os membros do equipo leven a cabo as necesarias actuacións de carácter presencial nos centros educativos.

A memoria anual que o equipo de orientación específico ten que elaborar ó remate de cada ano académico deberá ser aprobada polo inspector coordinador correspondente.

Tanto no caso do plan anual como da memoria, e dentro dos prazos establecidos na lexislación vixente, remitirase copia á Subdirección Xeral de Ordenación Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria co visto e prace do delegado provincial.

As intervencións nos centros educativos dos membros dos equipos de orientación específicos levaranse a cabo de acordo co establecido no artigo 24º da Orde do 24 de xullo de 1998. Así mesmo, a inspección educativa, a través do inspector coordinador do equipo, poderá requeri-la súa intervención naqueles casos que o considere oportuno.

Sen prexuízo das especialidades que os configuran, os equipos de orientación específicos desenvolverán as súas actuacións procurando acadar-las principios de interdisciplinidade e complementariedade, inherentes a toda actividade orientadora.

No caso de estar vacante a especialidade ou de ausencia temporal dalgún dos especialistas do equipo, as demandas que se produzan serán asumidas polos restantes

membros. Así mesmo, as actuacións e demandas de carácter xeral distribuiranse entre os integrantes do propio equipo.

3.- Actuacións prioritarias dos servicios de orientación.

Tendo en conta a necesaria continuación e consolidación das accións propostas en anteriores circulares da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional referidas á orientación educativa e profesional (5/1999, 10/2000 e 13/2001), e sen prexuízo das funcións establecidas na normativa vixente, así como nos proxectos educativos dos centros, nos proxectos curriculares de etapa e nos plans de actuación anuais, os servicios de orientación educativa e profesional priorizarán para o curso 2002-2003 as actuacións que se enmarquen dentro dos seguintes ámbitos xerais:

- ▶ Atención á diversidade nunha sociedade multicultural.
- ▶ Mellora do clima convivencial nos centros educativos.
- ▶ Potenciación das materias instrumentais do currículo e fomento da valoración do esforzo pola aprendizaxe.
- ▶ A orientación profesional no marco da formación permanente.

3.1. Departamentos de orientación.

Os departamentos de orientación priorizarán para o curso 2002-2003 as seguintes actuacións:

- Levar a cabo as avaliacións psicopedagóxicas do alumnado que o precise, nos prazos de tempo que permitan ofrecerlle a resposta educativa máis axeitada.
- Asesorar e ofrecer recursos á comunidade educativa para que nos distintos documentos e actuacións do centro se contemple a atención á diversidade e se favoreza o desenvolvemento de actitudes positivas fronte á diversidade multicultural.
- Favorece-la capacitación do profesorado no uso de técnicas, materiais e programas que sirvan para previr actitudes discriminatorias cara ó alumnado doutras culturas e permitan resolver satisfactoriamente as posibles dificultades de integración que se poidan producir.
- Participar na recollida e actualización de datos sobre o alumnado con necesidades educativas especiais e sobre as medidas específicas de atención á diversidade que se están levando a cabo nos centros.
- Promove-la sensibilización dos distintos axentes educativos sobre a importancia da convivencia como elemento fundamental para o desenvolvemento persoal e social.
- Participar na revisión dos documentos de planificación e xestión do centro e propoñer, se é o caso, as pertinentes modificacións que posibiliten a promoción da tolerancia e a prevención de condutas violentas.
- Colaborar cos departamentos didácticos e cos equipos docentes para que nas programacións didácticas e nas programacións de aula se fomente a valoración do esforzo no traballo e se potencie a aprendizaxe das áreas ou materias que por teren carácter instrumental van facilita-la adquisición doutros contidos curriculares.
- Coordinar accións que favorezan o tránsito do alumnado entre etapas educativas, especialmente cando implique o cambio de centro educativo.

- Colaborar no deseño e posta en práctica de actuacións coordinadas cos servizos de orientación do ámbito laboral que permitan ós usuarios dispor de asesoramento e orientación ó longo da súa vida.
- Participar na posta en marcha dunha rede telemática integrada que ofrezca ós orientadores educativos e laborais información e datos sobre formación e emprego no ámbito autonómico, estatal e europeo.
- Recoller datos sobre a inserción laboral do alumnado, acción na que deberán colaborar os titores dos ciclos formativos e dos programas de garantía social, os coordinadores de formación en centros de traballo e os departamentos de formación e orientación laboral.
- Promover por concellos ou zonas educativas a realización de actividades de información e orientación nas que participen outros orientadores ou profesionais externos ós centros educativos.
- Participar no desenvolvemento de programas integrados ou por ámbitos de intervención que elaboren ou promovan os equipos de orientación específicos ou os propios departamentos de orientación de cada centro ou de varios centros a través de proxectos de actuación conxunta.
- Promover nos centros educativos actuacións dirixidas á mellora continua da calidade.

3.2.- *Equipos de orientación específicos.*

Os equipos de orientación específicos priorizarán para o curso 2002-2003 as seguintes actuacións:

- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas e, se é o caso, os dictames para a escolarización de alumnado en centros específicos de educación especial.
- Colaborar na revisión das medidas de atención á diversidade que se ofrecen ó alumnado con necesidades educativas especiais, así como na revisión, se é preciso, da modalidade de escolarización, propondo medidas curriculares e organizativas que consigan un mellor axuste da resposta educativa ofrecida a estes alumnos e alumnas.
- Elaborar e difundir recursos materiais e propostas de intervención que axuden ós servizos de orientación e ó profesorado en xeral nas posibles adaptacións do currículo ordinario que permitan ofrecer unha educación de calidade ó alumnado con necesidades educativas especiais.
- Participar, coa colaboración dos departamentos de orientación, na recollida, tratamento e actualización de datos sobre o alumnado con necesidades educativas especiais e sobre as medidas específicas de atención á diversidade desenvolvidas nos centros.
- Promover, deseñar e poñer en práctica, coa colaboración dos departamentos de orientación, programas de prevención e intervención que, na medida do posible, integren de forma interdisciplinar e complementaria as distintas especialidades.
- Asesorar e ofrecer recursos á comunidade educativa que favorezan a sensibilización e o desenvolvemento de actitudes positivas fronte á diversidade multicultural,

facilitando información e apoio para unha atención educativa dirixida ó alumnado procedente doutros países, etnias ou culturas.

- Ofrecer pautas ós servicios de orientación e ós centros educativos para a revisión dos documentos de planificación e xestión e propoñer, se é o caso, as pertinentes modificacións que posibiliten axusta-lo seu funcionamento para a promoción da tolerancia e a prevención de conductas violentas no alumnado.
- Ofrecer apoio no ámbito da orientación profesional mediante a participación nas seguintes accións: estudio da inserción laboral do alumnado, posta en marcha dunha rede telemática integrada de información e datos sobre formación e emprego, así como a través doutras actividades nas que participen orientadores educativos e laborais.

4.- Criterios para o seguimento e a avaliación.

Para a realización do seguimento e avaliación dos plans anuais dos servicios de orientación terase en conta o que se acorde nas distintas reunións que se celebren ó longo do curso escolar (departamento de orientación, equipo de orientación específico, claustro, consello escolar, comisión de coordinación pedagóxica, departamentos didácticos, titores ...).

Os departamentos e os equipos de orientación promoverán a cumprimentación de protocolos e a realización de actividades específicas onde se analice o grao de satisfacción dos usuarios e a autovaloración do propio traballo.

A valoración global das accións realizadas reflectirase nunha memoria final, na que se indicará o nivel de consecución dos obxectivos previstos no plan anual, as dificultades atopadas e as modificacións introducidas, así como as conclusións e as propostas de mellora que deberán incorporarse ó plan do curso seguinte.

A Administración realizará, a través do servicio de inspección educativa, o seguimento das accións de orientación educativa e profesional, co fin de valora-la consecución dos obxectivos propostos e introduci-las modificacións oportunas.

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2002

*A DIRECTORA XERAL DE ORDENACIÓN EDUCATIVA
E FORMACIÓN PROFESIONAL*

Asdo.: M^a Pilar del Mar Pérez Marsó